

## A LITERATURA MEDIEVAL

Como época histórica, a Idade Media abrangue desde o ano 476 (caída do Imperio romano) ata 1453 (caída de Constantinopla polos turcos). Os feitos histórico-sociais máis importantes son:

- o triunfo do cristianismo
- as invasións bárbaras
- o xurdimento de feudalismo

No occidente europeo a sociedade medieval estaba dividida en tres estamentos:

- a igrexa (pregos e monxes), que desenvolven un importante labor na conservación da cultura.
- a nobreza, que vivía nos castelos e dedicábase ás armas ou estaba ao servizo de El-rei.
- o pobo (campesiños e artesáns) que habitaba en núcleos rurais, en torno a un castelo ou a un mosteiro.

A maioría da poboación era iletrada, o cal explica que boa parte da literatura medieval sexa de tradición oral.

A partir do s. XII coas Cruzadas, ábrese rutas comerciais e aparece unha nova clase social: a burguesía.

Nos s. XII e XIII xorden as primeiras universidades, co que a cultura deixa de ser patrimonio exclusivo da Igrexa.

Na arte destacan dous estilos: o románico e o gótico.

Nesta época, ademais, nacen as linguas románicas (derivadas do latín) que pouco a pouco van desprazando ao latín no uso escrito e literario.

## A ÉPICA MEDIEVAL

- **Cantares de xesta**, poemas narrativos que relatan as fazañas de heroes históricos ou lexendarios. Eran cantados por xogares e transmitíanse oralmente.

### Épica francesa

Céntrase no chamado ciclo carolinxo. Destaca a *Chanson de Roland*, de autor anónimo, escrito no s. XI e inspirado na derrota de Carlomagno en Roncesvalles.

### Épica xermánica e nórdica

Comeza coas narracións mitolóxicas escandinavas, as sagas, recitadas por xogares.

Relacionada con esta poesía nórdica temos o célebre poema *Os Nibelungos*, escrita en alemán cara a 1200. Nesta epepea nárnanse as fazañas e a morte de Sigfrido

### Épica inglesa

Sobresae a obra *Beowulf*, extenso poema épico de máis de 3.000 versos, de autor descoñecido e sen data concreta (entre o s. VIII e o XII)

\* Épica hispánica: *Cantar de Mio Cid* (1140), anónimo. *Romancero viejo* (s. XIV e XV)

- **Poemas cabaleirescos**

Narracións cultas en verso, cuxo protagonista soe ser un cabaleiro que se enfrenta a grandes perigos e aventuras para acadar a fama, a perfección moral ou o amor dunha dama. Supoñen o comezo (ou anticipo) da novela.

### **O ciclo artúrico**

- Parte dunha obra en latín de **Godofredo de Monmouth**: *Historia Regum Britanniae* de 1136, na que xa aparece Artur, caracterizado como o monarca ideal. Descoñécese se se corresponde cun personaxe histórico real, aínda que todo parece indicar que a súa historia provén da mitoloxía celta ou que se construíu a partir da vida algún guerreiro bretón.

-A lenda por excelencia deste ciclo é a dos amores de *Tristán e Isoé* (Isolda). Realizada por varios poetas, narra a trágica historia de amor de Tristán e a fermosa Isoé.

- **Chrétien de Troyes** (1135-1183) culmina o ciclo artúrico con obras como *O cabaleiro do león* e *O cabaleiro da carreta*.

### **A POESÍA LÍRICA MEDIEVAL**

Na Idade Media tamén se desenrola unha poesía que expresa sentimentos persoais. Adoitaba transmitirse oralmente, cantada por un profesional, acompañada de melodías musicais.

- **A lírica popular**

A poesía de carácter popular dáse en forma de cancións de traballo, cantos de baile, alboradas...

No sur da península Ibérica (Al-Andalus) aparecen as carxas (jarchas) algunhas de finais do s. X. Son cancións populares de escasa lonxitude escritas en mozárabe. O tema é case sempre o amor, expresado por unha nuller..

\* Lírica galego-portuguesa (fins do s. XII- mediados do XIV) : cantigas de amigo, cantigas de amor, cantigas de escarnio e maldicir.

\* Lírica tradicional castelá: vilancicos, planto, mayos, cantos de voda.

- **A lírica culta**

#### **A lírica trobadoresca provenzal**

Poesía refinada e cortesá, orixe de toda a lírica en romance, cultivouse na Provenza desde o século XI ata o XIV.

Composta en lingua occitana ou provenzal polos trobadores, desenvolve o tema do 'amor cortés': relación amorosa entre o poeta e unha dama idealizada.

Os xéneros principais son a cançó (amorosa) o sirventés (satírico) e a tençón (disputa). Os poemas ían acompañados de anotación musicais e consérvanse en Cancioneiros. Calcúlase unhas 2550 poesías de 350 poetas.

#### **A poesía dos goliardos**

Cando o uso do latín comeza a decrecer (s. XI-XIII), aparece en toda Europa un tipo de poesía profana, escrita case toda en latín, cun gran valor literario e un especial significado cultural e social.

Os autores son, en xeral, estudantes, cregos e monxes exclaustados, que non pretenden divertir ao público, senón facer unha arte minoritaria.

Dentro dos Cancioneiros nos que está recollida esta poesía, o máis famoso é *Carmina Burana*.

### **A poesía arábigo-andaluza**

A poesía de influencia árabe adquire en Al Andalus unha enorme importancia, froito da refinada cultura que ten o seu centro en Córdoba. Desenvólvese a partir do s. X e nace pola existencia dunha sociedade multirracial e por unha situación de bilingüismo (o mozárabe e o árabe)

Créanse dous tipos de formas poéticas: **a moaxaja**, canción amorosa e o **zéjel**.

Destacan **Ibn Hazm** (*O colar da pomba*) e **Ibn Quzmán**

### **Poetas do século XV**

**François Villon**. As súas poesías foron publicadas postumamente co título de *Testamento*. Destacan pola sinceridade e expresividade, o sentido do humor e a beleza formal.

Moi coñecido é o poema 'Balada das damas de antano', elexía sobre o paso do tempo, a fugacidade da beleza e a brevidade da vida (tópico do ubi sunt).

**Ausias March**. A súa obra é novidosa na lírica medieval xa que non mantén os tópicos nin a lingua dos trobadores nin comparte os códigos do petrarquismo. A súa poesía plantea elevados problemas amorosos e de conciencia filosófica e relixiosa (amor puro e intelectual).

\* Literatura castelá: **Jorge Manrique** '*Coplas a la muerte de su padre*'

#### ● **O Renacemento italiano**

### **O dolce stil nuovo**

Coñécese con este nome (tomado do canto XXIV do 'Purgatorio' de Dante) unha lírica de tipo amoroso desenvolta en Italia no s. XIII. Dante emprega o termo 'dolce' para referirse a unha forma e un léxico baseados na musicalidade, a suavidade, a eufonía... Co vocábulo 'novo' destácase a idea dun cambio estilístico e temático.

Os temas principais son:

- o amor, concibido de forma metafísica: a beleza e a dama son ideais que contribúen a levar o amante cara a deus e á felicidade.
- A natureza preséntase idealizada e primaveral.

Autores: **Guido Guinizelli, Guido Cavalcanti**

### **Dante Alighieri (1265-1321)**

*Vita Nuova*, colección de sonetos e cancións dedicados integramente a Beatriz, que se converteu no ideal espiritual e amoroso da súa poesía. Influenciado polo 'dolce stil nuovo'.

*A Divina Comedia*, escrita a principios do s. XIV en tercetos (estrofa inventada por Dante), consta de 3 partes:

- 'Inferno'. Guiado por Virxilio, percorre os nove círculos concéntricos do inferno vendo os horrores que alí sofren os condenados, a maioría inimigos seus-
- 'Purgatorio'. Tamén guiado por Virxilio, percorre as nove gradas concéntricas do purgatorio
- 'Paraíso'. Guiado por Beatriz percorre as nove esferas celestiais do paraíso.

O tema central é o destino das almas despois da morte.

A obra en conxunto é un poema alegórico que resume perfectamente os anhelos da vida de Dante e da súa época, cunha singular fusión de cristianismo e clasicismo.

### **Francesco Petrarca**

Gran estudoso e admirador dos clásicos greco-latinos, é considerado como un dos primeiros humanistas e precursor do Renacemento.

Destaca con *Os trunfos*, poema alegórico e con *Cancioneiro*, 300 sonetos e composicións varias. Ten como tema central o amor -non correspondido- por Laura, que aparece como unha muller real que desperta no poeta sentimentos e desexos plenamente humanos. Un amor que, por imposible, causa pesadume e dor.

## **A NARRATIVA MEDIEVAL**

- **Narracións en verso**

Boa parte da literatura medieval compoñíase para ser recitada en público. Por iso os autores que concibiron as súas obras cun fin didáctico, moralizante ou crítico, escolleron o verso.

### **Literatura francesa**

- Os 'fabliaux' son breves contos en verso de carácter cómico e satírico, con argumentos sinxelos e personaxes populares.

- *Roman de Renart* é un extenso poema escrito durante os s. XII, XIII e XIV. Os protagonistas son animais que actúan, falan e pensan como o home.

- *Roman de la Rose*, extenso poema de carácter didáctico e alegórico, presenta unha visión do amor na que se funden a tradición trobadoresca do amor cortés e a influencia de Ovidio. Atribuída a **Guillaume de Lorris**

- Literatura castelá: *Mester de clerecía*; **Gonzalo de Berceo** (*Milagros de Nuestra Señora*)  
**Arcipreste de Hita** (*Libro del buen amor*)

- **Contos e narracións en prosa**

### **A literatura árabe**

O libro sagrado do islamismo é o Corán, transmitido por Mahoma (570-632).

Posteriormente sobresa o conxunto de relatos *As mil e unha noites*, que circulou durante séculos de boca en boca. Os contos non teñen función moralizadoras nin intención didáctica. O seu propósito é o entretemento, con temas sobrenaturais, de aventuras, intriga, erotismo...

Durante os séculos de dominación árabe da península Ibérica destacan os poetas arábigo-andaluces, autores de refinadas composicións líricas.

### **Literatura inglesa**

**Geoffrey Chaucer** destaca con *Contos de Canterbury* (1387-1400). Escrita parte en verso e parte

en prosa, utiliza a técnica do contacontos (reunión de persoas que contan as súas historias por turnos ao seu auditorio) e a linguaxe adáptase a cada personaxe. Os temas van desde lendas cortesás a relatos de aventuras, fábulas de animais, contos desvergonzados e obscenos, etc...

**Walter Map** cara 1225 compila en **prosa** francesa todo o material do ciclo artúrico en torno a tres novelas: *Lancelot*, *Demanda do Grial*, *Morte de Artús*.

### Literatura italiana

**Boccaccio (1313-1375)** foi un dos primeiros humanistas italianos, pioneiro do espírito renacentista. Creador da prosa italiana, escribiu varias novelas (*Filocolo*, *Fiammeta*...) pero é mundialmente coñecido polo *Decamerón*, colección de cen contos relatados por dez narradores (sete damas e tres cabaleiros) durante os dez días que pasan refuxiados nunha casa de campo próxima a Florencia, fuxindo da peste.

Os temas son variados e abundan os que se centran no amor (tráxico algunhas veces, eróticos e desvergonzados as máis) e na sátira de costumes.

Aparecen retratados todos os estamentos sociais da época (reis, nobres, cabaleiros, frades, monxes, criadas, labradores...)

### Literatura catalá

**Ramon Llull** foi o primeiro en escribir nunha lingua románica (catalán) sobre materias como a Filosofía.

Na súa inxente obra, sobre materias moi diversas ( filosofía, mística, narrativa, poesía...) destacan o *Libro das maravillas* e o *Libro da orde de cabalaría*.

### Libros de cabalarías

Nos libros de cabalarías un cabaleiro andante, modelo de heroísmo e fidelidade amorosa, enfróntase a todo xénero de personaxes fantásticos, aos que vence. Destaca o *Amadís de Gaula*.

Outros tenden a ser máis verosímiles e menos fantásticos. Sobresae *Tirant lo Blanc* de **Joanot Martorell**, na que se humaniza este tipo de literatura, introducindo o humor e a ironía e evitando o inverosímil.

\* Literatura castelá: **Don Juan Manuel**: *El conde Lucanor*

## O TEATRO MEDIEVAL

Durante a Idade Media xorde en toda Europa un teatro de tipo relixioso (drama litúrxico) vinculado aos templos: representacións dos episodios máis importantes da vida de Xesús.

En Francia nacen o 'miracle' os 'misterios' e as 'moralidades'.

Duante o s. XV tamén en Francia adquiren gran desenrolo as farsas, obras breves de carácter cómico e satírico.

*Maistre Pierre Pathelin*, farsa de 1464 pode considerarse como a primeira comedia de costumes do teatro europeo.

\* Literatura castelá: **Fernando de Rojas**: *La Celestina*